

A RECEITA PERFECTA

Louise Courvoisier, 2024

1534

ESTREA EN NUMAX: 13.06.2025 | V.O.S.E. | 90 min

Totone, de 18 anos, pasa a meirande parte do tempo bebendo cervexas e de festa na rexión do Jura co seu grupo de amigos. Pero a realidade atrápa: ten que coidar da súa irmá de 7 anos e gañar algo de diñeiro. Daquela proponse fabricar o mellor queixo Comté da rexión, co que gañaría a medalla de ouro no concurso agrícola e 30.000 euros.

«Simpática historia iniciática que ule a esterco, crioulos á grella, suor e gasoil»

Lee Marshall, SCREENDAILY



Entrevista con Louise Courvoisier: «Imaxinei a película como un western, pero sen tomar prestados todos os códigos do xénero»

Como naceu o seu desexo de facer cinema? E como naceron os personaxes desta primeira longametraxe? O meu desexo de facer cinema xurdiu un pouco por casualidade. Crieime en Cressia, unha pequena vila do Jura. Axiña sentín a necesidade de marchar, así que optei por apuntarme a clases de cinema no instituto, porque iso comportaba estudar fóra e vivir nunha residencia. Aos poucos, funlle collendo o gusto, sentín que tiña historias que contar e, finalmente, isto levoume a matricularme na CinéFabrique, en Lyon.

Para crear os personaxes e a historia d'*A receita perfecta* inspireime na comunidade na que vivín e observei desde que era nena. Totone e os seus amigos son como os meus colegas da vila. A maioría deles deixaron cedo a escola para traballar nas granxas cos seus pais. Moitos deles atópanse en situacións familiares difíciles. Quería filmar estes mozos que de cando en cando aparecen nas películas, que tiveron un comezo máis accidentado que moitos outros, e facer un retrato positivo e cheo de matices deles, desde dentro. Todo no país do queixo Comté!

A súa película ten un aire de western —na forma de tratar o espazo, a conquista do territorio, a adversidade— e algúns dos xiros e sorpresas lembran o arquetipo daqueles divertidos folgazáns sen esperanza. En efecto, imaxinei a miña película como un western, pero sen tomar prestados todos os códigos do xénero. Por iso elixín o formato Scope. Tamén me gustaba a idea de filmar rostros curtidos que contan historias dunha existencia vivida a fondo. O medo ao descoñecido, a conquista do territorio, todo iso ía da man dunha certa torpeza propia dos meus personaxes e do seu comportamento. As historietas clásicas de “Les Pieds Nickelés” son evidentes na forma de actuar de Totone e os seus amigos. Tentan levar a cabo ideas estrambóticas e apóianse mutuamente ante a adversidade. Por complexo que sexa todo, o grupo empúrraos cara a adiante.

Vostede mira con tenrura os seus personaxes. Gústame moito Totone, aínda que non sexa un heroe e estea cheo de defectos. Quería mostrar as súas imperfeccións tanto como as súas virtudes. Totone é como un cachorro torpe e sobreexcitado, que pode bailar semiespido nunha barra ou non axudar o seu pai cando o necesita, pero que é doce e adorable a pesar de todo. Totone é tamén unha forza da natureza, cunha forma única de reaccionar ante os acontecementos e un agudo sentido da comunidade.

Tamén hai tres valentes figuras femininas: a irmá pequena de Totone, a granxeira Marie-Lise e a queixeira. Marie-Lise e a irmá Liftle son personaxes que escribín en contra dos estereotipos de feminidade. Marie Lise non é sedutora, é directa, o que non lle impide ser sexy. Quería evitar o clixé da granxeira e poñer nese posto a unha moza moi capaz e segura de si mesma. En canto á irmá pequena, necesitabamos sentir a súa intelixencia na súa presenza e nos seus ollos, a súa madurez en tales circunstancias e a súa complicidade co seu irmán, que é un pouco torpe ao principio e evoluciona a medida que pasa o tempo. En canto á queixeira, non quería facer dela unha figura materna demasiado positiva. Quería que fose moi carismática, e a actriz que a interpretou, unha muller da miña vila que traballa como funcionaria de prisións, e á que coñezo moi ben, deulle esa forza.